

Presentación da materia/módulo

| | | | |
|-------------------------|----------------------------|----------------------|---------------|
| Materia / Módulo | Grego I (2023-2024) | Curso / Ciclo | 1º BAC |
|-------------------------|----------------------------|----------------------|---------------|

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

| | |
|----------------------|--|
| 1ª Avaliación | <p>Unidade didáctica 1. Xeografía da antiga Grecia.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega. • Localización de fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes. <p>Unidade didáctica 2. Historia da lingua grega. O alfabeto. (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Do indoeuropeo ao grego moderno: micénico, xónico-ático, koiné e grego moderno. • O alfabeto grego na historia da escritura. Orixes e características. A súa relación co alfabeto fenicio e con outros alfabetos. • Escritura. Signos ortográficos. <p>Unidade didáctica 3. Historia de Grecia (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os s. VIII a.C. e V d.C. <p>Unidade didáctica 4. Sociedade e formas de goberno (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formas de goberno e sistemas políticos: Atenas e Esparta <p>Unidade didáctica 6. Morfoloxía nominal I : declinacións (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables. • Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas. • Flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións). • O artigo. • Os temas en $-\alpha$ (1ª declinación) • Os temas en $-\omicron$ (2ª declinación) • Adxectivos 212 <p>Unidade didáctica 7: Morfoloxía nominal II: pronomes (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os pronomes persoais e posesivos. <p>Unidade didáctica 8. Morfoloxía verbal I (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Afondamento na tipoloxía do verbo grego. Verbos temáticos e atemáticos. • Presente e futuro de indicativo do verbo EIMI. • Presente e futuro de indicativo activo dos verbos puros non contractos. <p>Unidade didáctica 10: Sintaxe I: valores dos casos (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Casos gregos. Valor e uso dos casos. • Elementos da oración. • Iniciación ás técnicas de tradución. • A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria da tradución. • Análise e tradución de frases e textos. <p>Unidade didáctica 12: Vocabulario e etimoloxía (I)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vocabulario básico relacionado cos contidos morfolóxicos explicados. |
|----------------------|--|

| | |
|----------------------|--|
| 2ª Avaliación | <p>Unidade 2: Historia da lingua grega. O alfabeto (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• Do indoeuropeo ao grego moderno: micénico, xónico-ático, koiné e grego moderno.• Clasificación dos sons. Pronunciación erasmiana e histórica. <p>Unidade 3: Historia (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. <p>Unidade 4: Sociedade e formas de goberno (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• A familia.• A situación da muller.• Nacemento e educación. <p>Unidade didáctica 5: Relixión e mitoloxía (I)</p> <ul style="list-style-type: none">• Cosmogonía, divindades e heroes. <p>Unidade didáctica 6: Morfoloxía nominal I: declinacións (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• Terceira declinación: temas en oclusiva; temas en soante; temas en -vτ; temas en silbante.• Adxectivos da 3ª declinación. <p>Unidade didáctica 7: Morfoloxía nominal II: pronomes (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• Os pronomes demostrativos. <p>Unidade didáctica 8: Morfoloxía verbal II (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• Imperfecto de indicativo activo do verbo EIMI.• Imperfecto de indicativo dos verbos puro non contractos.• Aoristo de indicativo activo dos verbos puros non contractos• Perfecto e pluscuamperfecto de indicativo dos verbos puros non contractos.• Estudo do aumento.• Estudo da reduplicación. <p>Unidade didáctica 9: Morfoloxía verbal II Formas nominais (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• Construcións de infinitivo <p>Unidade didáctica 10. Sintaxe I Valores dos casos (II)</p> <ul style="list-style-type: none">• Valores dos casos: vocativo, dativo posesivo...• Uso das preposicións <p>Unidade didáctica 11: Sintaxe II: Oración de relativo</p> <ul style="list-style-type: none">• Pronome de relativo.• Oracións subordinadas de relativo. <p>Unidade didáctica 12: Vocabulario e etimoloxía</p> <ul style="list-style-type: none">• Léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. Descomposición de palabras nos seus formantes.• Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. |
|----------------------|--|

| | |
|----------------------|--|
| 3ª Avaliación | <p>Unidade didáctica 2: Historia da lingua grega. O alfabeto (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Normas de transcripción.• Lectura fluída <p>Unidade didáctica 3: Historia (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Presenza de Grecia na Península Ibérica. <p>Unidade didáctica 4: sociedade e formas de goberno (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica.• Festas e espectáculos: teatro e deporte.• Urbanismo, obras públicas e artes plásticas <p>Unidade didáctica 5: Relixión e mitoloxía (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Formas de culto.• Santuarios. <p>Unidade didáctica 6: morfoloxía nominal I: declinacións (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Adxectivos irregulares. Graos dos adxectivos. <p>Unidade didáctica 7: morfoloxía nominal II: pronomes (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Pronomes indefinidos. <p>Unidade didáctica 8: Morfoloxía verbal I (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Voz mediopasiva• Desinencias medio pasivas. <p>Unidade didáctica 9: Morfoloxía verbal II (III)</p> <ul style="list-style-type: none">• Construcións de participio <p>Unidade didáctica 10: Sintaxe I: valores dos casos</p> <ul style="list-style-type: none">• Complementos circunstanciais.• Complemento axente <p>Unidade didáctica 12: Vocabulario e etimoloxía</p> <ul style="list-style-type: none">• Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia.• Familias etimolóxicas e semánticas. <p>Unidade didáctica 13: Legado grego</p> |
|----------------------|--|

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

*CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación haberá dúas probas escritas, a primeira valerá un 50% e a segunda un 50%. Ditas probas constituirán o 80% da nota da avaliación e o restante 20% será aportado por traballos e actividades de diverso tipo, que consistirán en exercicios de análise morfosintáctico, tradución de textos de gradual dificultade, de práctica de etimoloxía e helenismos e de investigación sobre aspectos puntuais dos temas de contido non lingüístico.

As notas das avaliacións serán sempre redondeadas á alza a partires do 0,5.

A nota final será a media ponderada das tres avaliacións, co seguinte peso cada unha delas:

1ª avaliación, o 25%

2ª avaliación, o 35%

3ª avaliación, o 40%

***CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Aquel alumnado que non supere unha avaliación levará a cabo durante a avaliación seguinte un conxunto de actividades indicadas pola profesora e unha proba escrita de recuperación; a nota da recuperación será a media ponderada das actividades (un 20%) e a proba escrita (un 80%).

No caso de que un alumno ou alumna non obtivese unha cualificación de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria, terá que desenvolver as actividades de recuperación que deseñará o departamento e que teñen como fin preparar a proba extraordinaria.